

INFORME
REUNIÓN COMISIÓN TÉCNICA

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA
“MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”



Reserva de Biosfera
**MARIÑAS CORUÑESAS
e TERRAS DO MANDEO**



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad

14 de xullo de 2015
Fundación Juana de Vega

•	OBXECTIVOS	2
•	PROGRAMA	2
•	ASISTENTES.....	2
•	DESENVOLVEMENTO DA XORNADA.....	4
	Apertura da xornada.....	4
	Debate e comentarios	6

OBXECTIVOS

A Comisión Técnica do Plan Alimentario, formada por diferentes axentes do Sistema Alimentario Local, leva traballando de xeito participativo dende novembro de 2014 no establecemento e posta en marcha de liñas de acción para o desenvolvemento sostible do Sistema Alimentario Local da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

Os obxectivos prefixados para a xornada foron os seguintes:

- ❖ Presentación e discusión sobre o documento final do Plan Alimentario 2014-2022 no marco do proxecto da *Fundación Biodiversidad* para a súa validación e aprobación por parte dos membros da Comisión Técnica Alimentaria.
- ❖ Sinatura de compromiso dos axentes do sector agroalimentario cos principios e liñas de acción recollidas no Plan Alimentario 2014-2022.

PROGRAMA

- ⊕ **12:00 - 12:40 h:** Presentación do documento do Plan Alimentario 2014-2022
Beatriz Suárez. Técnico GDR Mariñas-Betanzos.
Susana López. Técnico GDR Mariñas-Betanzos.
- Proxección do vídeo “*Menús ecolóxicos nos centros escolares da Reserva*”.
- ⊕ **12:40- 13:30 h:** Debate, suxestións e comentarios ao documento.
- ⊕ **13:30- 14:00 h:** Aprobación do documento e sinatura de compromisos.

ASISTENTES

AXENTE			ENTIDADE Sector
Rosa Varela	Paula Patiño		Meigamoura, S.L. Producción
Germán Miramontes	Crespo		Consellería do Medio Rural Administración

14/07/2015
Presentación do documento do Plan Alimentario 2014-2022

Comisión Técnica

AXENTE	ENTIDADE Sector
Waldo Carreiras Albo	Consellería do Medio Rural Administración
M ^a del Mar García Ponte	A despensa das abellas Producción
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Universidade de Santiago de Compostela Formación / Asesoramento
Juan Castro Ínsua	Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo Formación / Investigación
Xosé Antonio Meixide	CFEA Guísamo Formación
Lois Arenas Barrio	CFEA Guísamo Formación
José Manuel Andrade Calvo	Fundación Juana de Vega Formación/Emprendemento
Ana María Rodríguez Lado	A Horta de Ana (Horta Ecolóxica) Producción
Isabel Casás Couceiro	AGALPI (Asociación Produtores Galiña Piñeira) Producción
Mauro Álvarez Cortés	Ecolleita Producción
Lucía Mosquera Costa	Ecolleita Producción
Sergio Boado Seoane	Granxas de Lousada Producción
Alberto Ferreiro Rosende	Emprendedor
Belén Rodríguez Rodríguez	Labrecos Producción / Asociacionismo
Iván Lata Rodríguez	Labrecos Producción / Asociacionismo
Aitor Lata Rodríguez	Labrecos Producción / Asociacionismo
José Juan Rico Rodríguez	AFRUGAL Producción / Asociacionismo
Víctor Manuel Sánchez Vázquez	O lugar de Vilariño (Horta ecolóxica e queixos) Producción/Transformación
Lucía Candal Gándara	GDR Mariñas-Betanzos (Técnica de proxectos) Organización da xornada
Miguel Fernández Pardo	GDR Mariñas-Betanzos (Técnico de proxectos) Organización da xornada

14/07/2015
Presentación do
documento do Plan
Alimentario 2014-
2022

DESENVOLVEMENTO DA XORNADA

Apertura da xornada

Como apertura da Xornada, Beatriz Suárez, técnico da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, deu a benvinda aos asistentes e presentou os obxectivos da xornada, centrados fundamentalmente na presentación do documento borrador do Plan Alimentario 2014-2022.



Apertura da xornada
(Beatriz Suárez)

ACCIONES PRIORITARIAS DEL PLAN ALIMENTARIO

- AP 1.
FOMENTO DE LA PRODUCCIÓN Y TRANSFORMACIÓN AGROECOLÓGICA
- AP 2.
FOMENTO DEL CONSUMO DE ALIMENTOS LOCAIS
- AP 3.
MEJORAR LA GOBERNANZA EN EL SISTEMA ALIMENTARIO LOCAL
- AP 4.
CONCIENCIACIÓN DE LA SOCIEDAD SOBRE LOS BENEFICIOS DE LOS SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCALES
- AP 5.
REFORZAR A INNOVACIÓN NO SISTEMA ALIMENTARIO

GUÍA DE PRODUCTOS LOCALES



A presentación iniciouse cun breve resumo das anteriores reunións da Comisión Técnica e das Mesas Temáticas, para pasar a continuación directamente aos obxectivos da presente xuntanza:

1. Presentación do documento do Plan Alimentario.
2. Aprobación definitiva do Plan.
3. Sinatura de compromisos co Plan.
4. Presentación de resultados:
 - a. Bolsa de Terras.
 - b. Iniciativa piloto consumo ecolóxico nos centros escolares.
 - c. Guía produtores da Reserva de Biosfera.
 - d. Publicación concursos: viveiros de emprendemento hortícola e agroindustrial.

Con carácter previo á reunión, o borrador do documento do Plan foi remitido vía correo electrónico á totalidade dos convidados co obxecto que facer máis fluído o traballo.




Ao longo da exposición se foron comentando os avances nos obxectivos e accións prioritarias, facendo un resumo de cada unha delas a modo recordatorio.

14/07/2015
Presentación do
documento do Plan
Alimentario 2014-
2022

Proxección do vídeo “Proxecto piloto de introdución dun menú ecolóxico nos centros escolares da Reserva”

Co gallo de ilustrar con imaxes a acción piloto do menú ecolóxico nos centros escolares da Reserva de Biosfera, desde o equipo técnico da Asociación Mariñas-Betanzos elaborase un vídeo de todo o proceso e dos resultados obtidos.



A proxección pode visionarse no seguinte enlace:



Debate e comentarios

Os resultados máis destacados respecto ás opinións e propostas expostas polos grupos de traballo foron as seguintes:

- I. De maneira unánime, os asistentes estaban de acordo que dende os propios concellos se debería incentivar de algunha maneira a limpeza de parcelas improdutivas ou a súa posta en produción. Non obstante, recoñécese a dificultade da posta en práctica da iniciativa. Non semella posible a aplicación

14/07/2015
Presentación do documento do Plan Alimentario 2014-2022

de , por exemplo, incentivos fiscais como a exención do “Imposto de Bens Rústicos”.

II. **Víctor Sánchez** (produtor ecolóxico de O lugar de Vilariño) apuntaba que ás empresas agrarias lles sería de gran axuda poder contar cunha bolsa de emprego de man de obra especializada, tanto no manexo de maquinaria como no desenvolvemento de operacións culturais diversas.

- a. Dende os representantes do **CFEA Guísamo** se comenta que o seu alumnado xa conta con parte desa formación, pero que no momento de desenvolver as prácticas en empresas debe ser a propia empresa a que forme aos alumnos en prácticas sobre as especificidades de cada explotación ou agroindustria.
- b. Na mesma liña que a anterior resposta, dende os **técnicos da Asociación Mariñas-Betanzos** se informa dos procedementos de prácticas en empresas derivados dos Programas Integrados para o Emprego que desenvolven no eido agrario.
- c. Tamén, **Lois Arenas** (CFEA Guísamo) opinaba que na actualidade existe suficiente oferta formativa en relación á demanda de alumnos no eido agrario.



14/07/2015
Presentación do
documento do Plan
Alimentario 2014-
2022

III. O conxunto dos **produtores primarios** que asistiron á reunión coincidían en demandar unha maior facilidade para a resolución de trámites administrativos e obtención de licencias de transformación agroalimentaria para os pequenos produtores. En particular, fíxose referencia á demanda do sacrificio de animais nas explotacións por causa da imposibilidade de trasladar a matadoiro pequenos volumes. Na mesma liña se falou da obtención de licencias para o fileteado ou preparación dalgúns elaborados cárnicos, adaptando as leis e normativas ao tamaño das empresas.

a. Dende os representantes da Consellería do Medio Rural (**Germán Crespo e Waldo Carreiras**) se remitiu en todo momento á necesidade de cumprimento das normativas europea, estatal e autonómicas da materia. De todas maneiras se brindaron a atender e apoiar na medida do posible todas as iniciativas ao respecto que se lles propuxeran.

b. Púxose tamén enriba da mesa o asunto dos matadoiros móbiles, tema sobre o que xa se leva tempo a traballar pero que aínda non frutificou.

c. Algúns dos asistentes afirmaron que noutros países como Francia resultaba moito máis doado para os pequenos produtores dar o paso de complementar os seus ingresos por medio da elaboración de transformados sen a necesidade dos requisitos que se esixen aquí. Tamén se puxo enriba da mesa o estudo de cómo solucionar por á venda no mesmo espazo produtos como a horta, carne ou ovos, suxerindo que igualmente dita circunstancia se da noutros países.

IV. **Juan Castro** (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo) comentou que un dos labores da Comisión Técnica do Plan Alimentario podería consistir en redactar demandas do sector para que dende a Asociación Mariñas-Betanzos se exercese de interlocución cara o PDR de Galicia e o reparto dos seus fondos.

14/07/2015
Presentación do
documento do Plan
Alimentario 2014-
2022

- a. Ao fío desta cuestión, dende o GDR Mariñas-Betanzos se comenta que esa é unha vía moi válida e se convidou a canalizar por esta vía a todo o que tivese algunha demanda ao respecto. Tamén se comentou que os Grupos de Desenvolvemento Rural non dispoñen de capacidade de financiación de proxectos máis alá do propios fondos LEADER que xestionan.
- V. A proposta de **Juan Castro** (CIAM) se concordou que a Reserva de Biosfera debe por en valor o minifundio como pulo e vocación da preservación da biodiversidade e a protección do medio. Esta sistemática de traballo coincide plenamente cos principios da agricultura ecolóxica. Estes son os valores que deben incentivarse e os que o consumidor debe apreciar.
- VI. **Xosé Antonio Meixide** (CFEA Guísamo) salientou que a título persoal non acaba de ver clara a utilidade da Bolsa de Terras, xa que existe unha ferramenta administrativa (Bantegal) con ese mesmo cometido. Comentou ademais que se debería facer maior fincapé na posta a disposición do Banco de Terras de Galicia das masas comúns derivadas dos procesos de concentración parcelaria.
- a. Dende o equipo técnico do GDR Mariñas-Betanzos se responde que a Bolsa de Terras non é unha alternativa ao Bantegal, senón un complemento. Está demostrado que polo momento dita ferramenta administrativa está a ter un funcionamento moi lento e que é preciso achegar ao demandantes de terra unha oferta máis inmediata. Tamén se destacou a boa acollida que está a ter a Bolsa de Terras (con numerosas consultas) e que en todo momento se informa ao interesados que para formalizar os posibles contratos de arrendamento contan co Bantegal como garantía administrativa aos procesos.

14/07/2015
Presentación do
documento do Plan
Alimentario 2014-
2022

- VII. **Xosé Antonio Meixide** (CFEA Guísamo) comentou tamén que, como complemento aos menús ecolóxicos, se debería fomentar tamén o consumo de produtos de temporada, con independencia de si están ou non acollidos á produción ecolóxica.
- VIII. **Belén Rodríguez** (produtora ecolóxica de Labrecos) propón complementar o traballo dos menús ecolóxicos nos centros escolares con charlas de concienciación e folletos dirixidos ao profesorado e AMPAS.

14/07/2015
Presentación do
documento do Plan
Alimentario 2014-
2022